

Evolución normativa do horario lectivo de Secundaria en Galicia

Para avaliar con rigor a Resolución sobre a **xornada semanal docente no curso 2026/27**, cómpre lembrar como evolucionou a normativa sobre o horario do profesorado de Secundaria.

Dicir que agora o profesorado vai pasar maioritariamente a 19 ou 20 sesións lectivas é **FALSO** e, cando menos, amosa **descoñecemento da normativa vixente e da súa evolución histórica**.

Coas compensacións previstas, con carácter xeral non se poderá superar a carga efectiva de 18 sesións lectivas, porque **cada sesión de exceso reduce o número de sesións complementarias fixas dispoñibles para gardas**.

A clave está en entender a excepcionalidade:

- A posibilidade de superar as 18 sesións lectivas existe para dar **flexibilidade á organización dos horarios**, especialmente en centros pequenos ou con cadros de persoal reducidos.
- **Esta excepcionalidade non é nova: leva presente na normativa desde 1987**, con diferentes fórmulas segundo o período: limitacións nas gardas, regulación para materias afíns ou, na etapa máis recente, imposición directa das 20 sesións para todo o profesorado.
- O propio proxecto de Lei estatal de redución de ratios e xornada, **aínda pendente de aprobación no Congreso e no Senado, tamén recolle esta excepcionalidade**. Ademais, prevé compensar cada sesión lectiva de exceso con dúas horas complementarias, **FIXAS ou NON FIXAS**.

No caso da proposta galega, o texto:

- **Mantén a flexibilidade necesaria** para organizar os horarios dos centros.
- **Mellora a compensación prevista no proxecto de lei estatal**, xa que cada sesión lectiva por riba das 18 compensarase primeiro con dúas sesións complementarias fixas e, só cando estas se esgoten, con complementarias non fixas.
- Permite ao profesorado que imparta **materias afíns decidir se acepta superar as 18 sesións lectivas, sempre con compensación, ou se prefire non superar ese límite**.

En resumo; a Resolución non xeneraliza as 19 ou 20 sesións lectivas. Recupera as 18 sesións como referencia xeral, mantén unha flexibilidade organizativa que xa existía historicamente e introduce unha compensación máis garantista para os casos excepcionais.

Referencias normativas para a súa consulta:

- Orde do 1 de setembro de 1987 sobre a xornada laboral do funcionariado docente; **18 horas con carácter xeral para Secundaria e podendo chegar a 20 horas**.
- Orde do 1 de agosto de 1997 para o desenvolvemento do ROC dos IES (**mantense a orde de xornada de 1987 e inclúese a limitación a 18 para quen imparta materias afíns**).
- Orde de 23 de xuño de 2011 pola que se regula a xornada de traballo do persoal funcionario e laboral docentes (Infantil e Primaria suben a 25 horas lectivas, **Secundaria seguía con 18 lectivas, mantívose a excepcionalidade a 20 lectivas en Secundaria e SEN COMPENSACIÓN**).
- Orde do 4 de xuño de 2012 pola que directamente se **sube a 20 sesións lectivas ao profesorado de Secundaria**.

Evolución normativa do horario lectivo de Secundaria en Galicia



1987

Por acordo do Consello da Xunta de Galicia do 14 de abril de 1987 apróbase a aplicación do réxime retributivo previsto na Lei 30/84, do 2 de agosto, ós funcionarios docentes que presten os seus servizos nos centros públicos de Ensinanzas Básicas, Educación Especial, de Idiomas, Artísticas, Integradas e Medias dependentes da Consellería de Educación.

O acordo citado autoriza á Consellería de Educación a adecua-la xornada de traballo do profesorado incluído no seu ámbito de aplicación ó establecido con carácter xeral para os restantes funcionarios públicos.

Na súa virtude, esta Consellería dispuxo:

Primeiro.- A xornada semanal dos funcionarios docentes dos centros públicos de Ensinanzas Básicas, Educación Especial, de Idiomas, Artísticas, Integradas e Medias dependentes da Consellería de Educación será a establecida con carácter xeral para os demais funcionarios públicos, coas adecuacións a que se refiren os números seguintes desta Orde.

Segundo.- Desta xornada, o horario de dedicación a actividades no centro será de 30 horas semanais, das cales se dedicarán á docencia directa cos alumnos (actividades lectivas) vintecinco horas en Educación Preescolar e Xeral Básica e dezaioito nas demais ensinanzas. Nestas últimas, e por necesidades de acomodación de horarios, poderanse chegar a impartir ata vinte horas.

Terceiro.- A distribución do horario lectivo de cada profesor realizarase de luns a venres. A Consellería de Educación poderá autorizar unha distribución horaria distinta da indicada en función das características dos centros e das necesidades do ensino.

Cuarto.- As funcións directivas ou de coordinación didáctica que se establezan terán a consideración de lectivas. A Consellería de Educación determinará o número de horas computables para o desempeño destas tarefas.

Quinto.- O horario de dedicación directa ó centro que non corresponda a tarefas lectivas destinarase, entre outras, ás seguintes actividades relacionadas coa docencia: titorías e orientación de alumnos, gardas, reunións de seminarios ou departamentos, sesións de avaliación, participación nos órganos de goberno, realización de actividades extraescolares, ordenación e mantemento do material didáctico dos seminarios ou laboratorios.

1997

79. O horario semanal individual de cada profesor deberá incluír e concretar los períodos lectivos (de docencia directa con alumnos) e as correspondentes horas complementarias fixas, que terán o carácter de lectivas para os efectos de faltas de asistencia e permisos.

As horas complementarias fixas distribuiranse do seguinte xeito: unha hora de titoría de atención ós alumnos, unha hora de titoría de atención ós pais, unha hora (como mínimo) de dedicación ó seminario, e de cero a dous períodos de garda (segundo o número de períodos de docencia directa de cada quen, de tal xeito que o número destes máis os de garda sumen en total vinte).

Como norma xeral un profesor non poderá impartir máis dunha disciplina afín. Para estes efectos enténdese como disciplina afín as áreas, materias ou módulos profesionais non incluídos no departamento didáctico ó que pertence o profesor.

Como norma xeral, no caso de profesores que impartan unha disciplina afín, o número de períodos lectivos semanais non poderá ser superior a 18.

Os desdobramentos de grupos de alumnos previstos no punto 71 destas instrucións serán computados, para tódolos efectos, como períodos lectivos ós profesores que os impartan.

2011

Artigo 4. *Xornada semanal do persoal funcionario e persoal laboral que imparte as ensinanzas de educación secundaria, ensinanzas artísticas, de idiomas e deportivas.*

1. A xornada semanal do persoal funcionario e laboral docente que imparte as ensinanzas de educación secundaria obrigatoria, programas de cualificación profesional inicial, bacharelato, formación profesional específica, ensinanzas artísticas, de idiomas e deportivas será de trinta e sete horas e medias, das cales dedicarán trinta as actividades do centro con presenza no mesmo. Destas 30 horas semanais, 23 serán de horario fixo no centro educativo. Destas 23 horas, 18 terán carácter lectivo podendo chegar ata vinte se as necesidades do centro así o exige en función do profesorado dispoñible.

2. Nos centros que proceda, entre as 18 horas lectivas e as 23 de presenza fixa no centro incluíranse as gardas de recreo e para custodiar ao alumnado no período de tempo que transcorre desde a chegada do alumnado transportado e o inicio da actividade lectiva e desde que rematan as actividades escolares ata a saída do transporte escolar.

2012

DISPÓN:

Artigo único. Nova redacción do artigo 4 da Orde do 23 de xuño de 2011 pola que se regula a xornada de traballo do persoal funcionario e laboral docente que imparte as ensinanzas reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

O artigo 4 da Orde do 23 de xuño de 2011 queda redactado do seguinte xeito:

«1. A xornada semanal do persoal funcionario e laboral docente que imparte as ensinanzas de educación secundaria obrigatoria, programas de cualificación profesional inicial, bacharelato, formación profesional específica, ensinanzas artísticas, de idiomas e deportivas será de trinta e sete horas e media, das cales dedicarán trinta ás actividades do centro con presenza nel. Destas 30 horas semanais, 23 serán de horario fixo no centro educativo. Destas 23 horas, 20 terán carácter lectivo e as tres restantes distribuiranse entre dúas gardas e unha hora de titoría de pais e alumnos.

2. Nos centros en que proceda, nas horas de garda incluíranse as gardas de recreo e para custodiar o alumnado no período de tempo que transcorre desde a chegada do alumnado transportado e o inicio da actividade lectiva e

Abril 2026 - Proxecto lei redución ratios e xornada

En relación con las ratios, se reduce el número máximo de alumnos por aula: 22 en Primaria (frente a los 25 actuales) y 25 en ESO (frente a los 30 actuales). En los centros sostenidos con fondos públicos, el alumnado con necesidades educativas especiales (NEE) computará como dos plazas.

El documento fija, con carácter general, la jornada lectiva semanal del profesorado en 23 horas en Infantil, Primaria y Educación Especial, y en 18 horas en el resto de enseñanzas. De manera excepcional, y por necesidades de organización, podrá alcanzarse un máximo de 20 horas, compensadas con dos horas complementarias por cada periodo lectivo adicional.

El Gobierno hizo una recomendación a las comunidades autónomas en 2019 respecto a las ratios, pero no todas lo adoptaron, por eso ahora con este proyecto de Ley se fija una regulación máxima legal de horas para garantizar homogeneidad en todo el territorio nacional.

Este proyecto de Ley refuerza la equidad, la inclusión educativa y el bienestar docente, y garantiza la cohesión del sistema educativo desde el respeto al ámbito competencial de las comunidades autónomas.

Texto para a Mesa Sectorial (13/05/2026)

audición e linguaxe.

- As funcións de orientación propias da especialidade en orientación educativa.
- O apoio, a codocencia e os desdobramentos de grupos, preferentemente en materias da súa especialidade docente ou en materias afíns. Con carácter prioritario, o centro desenvolverá estas actuacións nas materias, disciplinas, ámbitos e/ou módulos e nos grupos máis numerosos, especialmente de impartirse en aulas-taller, laboratorios e/ou outros espazos singulares de traballo, ou naqueles grupos que presenten unha maior rateo de alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.

Neste contexto entenderase por codocencia a intervención simultánea de dous docentes na mesma sesión lectiva, sen que isto implique a cotitularidade da materia nin a responsabilidade compartida na súa programación, seguimento e avaliación.

- 3. Excepcionalmente, cando a distribución horaria das materias propias do departamento o requira, poderá acadarse un máximo de 20 sesións lectivas, compensándose cada período que exceda das 18 mediante dúas sesións complementarias, con cargo ás de carácter fixo, e, de non resultar suficientes, ás de carácter non fixo.

No caso de impartir materias afíns, só poderán superarse as 18 sesións lectivas coa conformidade do profesorado afectado.